

ORTIGUEIRA

BOLETÍN MUNICIPAL

MARZO 2024

www.concellodeortigueira.gal

O Concello desbloquea os proxectos, xa planificados pola Xunta

As dragaxes de Ortigueira e Espasante, en camiño



O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, e a delegada territorial, Martina Aneiros, durante a visita na que se anunciaron os proxectos.

As dragaxes dos portos de Espasante e Ortigueira, dúas demandas históricas no noso municipio, xa están camiño de ser unha realidade.

O equipo de goberno municipal, liderado por Valentín Calvín, tiña entre as súas prioridades no inicio de mandato efectuar as

xestións necesarias para desenquixar un tema paralizado desde hai anos. E nos seus primeiros meses no executivo, a agrupación popular dialogou con todos os organismos implicados para poder sacar adiante estes proxectos, que xa están contemplados nos orzamentos do 2024 da

Xunta de Galicia.

Tras varias reunións con Portos de Galicia e Costas do Estado conseguíronse as condicións necesarias para desatrarcar algúns dos últimos trámites destas actuacións, definidas como plurianuais e que inclúen máis traballos.

PÁXINA 1

SANIDADE

Radioloxía, un novo servizo en Ortigueira

O Concello de Ortigueira está a piques de estreitar o seu novo servizo de Radioloxía. A finais do pasado mes de decembro arrincaron as obras de adecuación da sala para engadir este servizo á oferta de sanidade da localidade. O pasado verá, o executivo local logrou pechar un investimento por parte da Xunta de Galicia de 151.120 euros para reforzar a sanidade ortigueira.

PÁXINA 3

SERVIZOS SOCIAIS

Tras a fin da lista de agarda, o SEETA

O impulso dos Servizos Sociais foi unha das grandes prioridades do goberno local desde o inicio do seu mandato. En tan só seis meses, a reformulación do novo executivo axudou a poñer fin ao atasco existente nas listas de agarda. Ortigueira pechou o 2023 sen familias con dependentes de grao 3 sen atender e comezou o 2024 cun novo servizo: o SEETA.

PÁXINAS 8-9



O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, asinando no libro do Concello.

Desbloqueada unha demanda tan histórica como necesaria

As dragaxes dos portos de Ortigueira e Espasante, en negro sobre branco

As dragaxes de Ortigueira e Espasante xa están en camiño. Coa chegada de Valentín Calvín á alcaldía, o Concello de Ortigueira foi quen de desbloquear unha demanda tan histórica como necesaria. Porque despois de múltiples reunións tanto coa Consellería do Mar como con Costas do Estado, o executivo local deu o pulo definitivo a estes proxectos.

A demostración de que isto xa está en negro sobre branco é o feito de que a Xunta de Galicia confirmase a finais do 2023 que os proxectos portuarios previstos para ambas as dársenas están contemplados nos orzamentos autonómicos para este 2024.

Trataranse de actuacións plurianuais que permitirán que o noso municipio consiga unha importante mellora nos seus dous grandes portos.

No que ás dragaxes se refire, a de Espasante atópase en tramitación ambiental e contará cun orzamento de 750.000 euros. Neste sentido, as conversas de Calvín co presidente da Demarcación de Costas do Estado, Carlos Gil, permitiron acadar a conclusión de que era viable depositar na praia a area extraída na dragaxe. Por outra banda, o proxecto no Porto de Ortigueira ten reservado un investimento de 1 millón de euros.

O conselleiro do Mar, Alfonso Villares; o presidente

de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez; e a delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, acudiron a Ortigueira o pasado decembro. Naquela visita, o conselleiro confirmou ademais que o Porto de Ortigueira contará a maiores cun proxecto de balizamento da canle de acceso ao porto.

Durante este ano tamén se procederá á instalación de 120 metros de varandas no paseo do Malecón, unha actuación coa que se pecharán os traballos de urbanización que inciden na seguridade, xa que consistiron na remodelación das beirarrúas, a mellora das luminarias, unha barreira disuasoria ou a instalación de macetas.

“É o resultado de meses de traballo”

O alcalde, Valentín Calvín, destaca que o feito de que a Xunta apostase de xeito definitivo por planificar tanto o proxecto do porto de Ortigueira como o de Espasante “é o resultado de meses de traballo”. “Foron necesarias moitas reunións e revisión de documentación con administracións de todas as cores políticas. Pero acadamos un paso de xigante para responder a unha necesidade”, matizou.

Incrementarase a capacidade diagnóstica na localidade

Ortigueira avanza en sanidade co novo servizo de Radioloxía



Calvín, Cartelle e Ponce, coas autoridades sanitarias.

O Concello de Ortigueira xa iniciou a conta atrás para estreir o seu novo servizo de Radioloxía. As obras de adecuación para ampliar a oferta de sanidade na localidade con este novo espazo comezaron a finais do pasado mes de decembro, despois de que o goberno local lograra pechar un investimento por parte da Xunta de Galicia de 151.120 euros. Esta intervención suporá a creación dun-

ha sala de raios x dixital no municipio, mellorando a capacidade diagnóstica.

Ademais, con esta nova instalación a veciñanza de Ortigueira minimizará os seus desprazamentos a a outras localidades para realizar determinadas probas médicas, unha situación que lle permitirá obter de xeito máis rápido diagnoses precoces, así como axudar ao seguimento das patoloxías.

O alcalde de Ortigueira, Valentín Calvín, apunta que con esta actuación se dá resposta a una demanda histórica do Concello e dos veciños e veciñas do municipio, que verán unha notable mellora na atención primaria local.

Calvín tamén destaca que este novo servizo é froito do traballo en conxunto do actual equipo de goberno e as conversas e predisposición da Xunta.

SANIDADE

O Concello logra novas melloras para varios centros de saúde

Pacientes e traballadores do Centro de Saúde de Mera están máis preto de poder facer uso óptimo das instalacións grazas ao acordo de cofinanciamento pechado pola concelleira de Saúde, Ana Cartelle, entre o Concello de Ortigueira e a Xunta de Galicia, destinando esta última unha axuda de 17.000 euros. A edificación sofre desde hai tempo importantes filtracións e humidades que provocan, entre outros problemas, cortes de luz que obrigan o personal sanitario a desbotar medicamentos que deben conservarse en frío.

Pero o punto de atención de Mera non será o único sobre o que se actúe. O Centro de Saúde de Espasante tamén verá mellorada a súa accesibilidade a través de reformas no propio edificio, así como na beirarrúa para adaptar a contorna.

No Centro de Saúde de Ortigueira tamén haberá cambios. En concreto, o Sergas porá en marcha unha unidade de rehabilitación do solo pelviano na área existente de Fisioterapia e Rehabilitación.

A Galiña Azul de Ortigueira, máis segura e funcional

A Escola Infantil de Ortigueira da Galiña Azul conta, desde o pasado mes de novembro, cun novo equipamento grazas ás melloras realizadas polo Concello para corraxir as carencias e deficiencias que se viñan producindo desde había tempo.

O Executivo local adquiriu

portas para separar espazos, novos estores para todas as dependencias e un cambiador de cueiros. Entre as actuacións tamén se atopa a substitución da sinalización da entrada e a instalación dun toldo no patio exterior para protexer a cativada do sol e da chuvia moderada.



A edila de Servizos Sociais e Igualdade, Elisa Dorna, revisando o novo equipamento.

A falta de mantemento obrigou a actuar

O antigo hospital de San Roque, intervido ante as súas enormes deficiencias



Estado de humidade no que se atopaban as paredes do inmoble.

O Concello de Ortigueira iniciou en febreiro os traballos de reparación do Antigo Hospital de San Roque, que presentaba grandes deficiencias debido á enorme falta de mantemento durante anos.

Ao comezo da actuación, os técnicos especializados decatáronse de que a orixe do problema estaba no tellado, sendo necesario levantar as tellas, limpar baixo elas e substituír as pezas rotas para poder rematar cos problemas de pingueiras e humidades que estaban a afectar ao edificio e que supoñían un grave perigo para as persoas usuarias.

As melloras incluíron tamén traballos no interior, polo que foi necesario proceder á limpeza dos teitos para acabar cos humedecementos das paredes internas, que se atopaban cubertas de vexetación e fungos en moitos dos metros cadrados da superficie.

O obxectivo foi adecentar a imaxe e as condicións de uso dun inmoble que se emprega para ofrecer formacións, reunións de persoal, conferencias e exposicións. Tamén funciona como local social para asociacións, como a Escola de Gaitas.

PROXECTOS

O Concello de Ortigueira contará co primeiro Bird Center de Galicia

Ortigueira iniciou os trámites para contar no territorio co primeiro 'Bird Center' de Galicia. Valentín Calvín trasladoulle á conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ánxeles Vázquez, a intención de levar a cabo este ambicioso proxecto.

O obxectivo é crear un espazo de información, divulgación, investigación e edición de material didáctico relacionado co mundo ornitolóxico, a paisaxe e os usos e costumes que existen na ría.

Ademais, incluíría a creación de programas e actividades de acción directa no medio natural, ao aire libre, en pleno corazón ortigueirés e aberto á veciñanza.

O parque acuático regresou tras anos pechado



Os edís Ponce e Monteagudo, no parque acuático.

Este verán a cativada de Ortigueira tivo unha nova alternativa de ocio que había anos que botaba en falta: o parque acuático do Malecón, xunto aos Xardíns.

Tras poñer os permisos ao día para poder reactivalo e realizar traballos de mellora nos circuitos

internos, a rapazada puido divertirse de forma refrescante e sa.

O alcalde, Valentín Calvín, destacou que "non ten sentido ter instalacións sen funcionar. Non se desfrutan e xérase un deterioro que provoca que, co tempo, custe máis reactivalos".

OBXECTIVOS

A afección do FC Ortigueira xa pode animar a cuberto en San Claudio

O campo municipal de San Claudio conta desde decembro cunha nova bancada móbil. Trátase dunha demanda histórica por parte dos familiares e deportistas do club e na que o alcalde, Valentín Calvín, traballou nos primeiros meses como líder do executivo local para solucionar.

Tras conversas coa Xunta de Galicia e o estudo de posibilidades para intervir na instalación municipal, finalmente púidose instalar unha bancada cuberta e con asentos. Esta mellora permite que, desde hai uns meses, a afección xa poida animar aos equipos do FC Ortigueira nunhas condicións axeitadas.

Máis de 400 persoas sentaron á mesa no xantar popular

Éxito absoluto, con cheo, na IV Concentración de Camións



Os camións e a entrega de obsequios.

Máis dun centenar de transportistas e as súas familias xuntáronse o pasado mes de novembro en Ortigueira, na que é xa a cuarta edición da Concentración de Camións.

Tras a recepción e estacionamento dos vehículos inaugural da festividade, a segunda xornada estivo marcada polo tradicional xantar popular, que reuniu á mesa a máis de 400 persoas, despois de saír en comitiva ata o banco de Loiba para volver logo ao punto inicial.

Durante a tarde non faltou a música nin o ambiente ameno que caracteriza este día. A rapazada puido gozar, ademais, de actividades propias para a súa idade, con inchábeis. Pero isto non foi todo, xa que os sorteos e moitas outras sorpresas completaron unha tarde amenizada polo grupo Unión y Fuerza e a orquestra Finisterre.

O evento consolídase, tras 14 anos de celebración, coma un dos máis importantes da vila, xa que conta cun forte apoio tanto entre o sector dos camioneiros



como da veciñanza en xeral.

No municipio réunese xente de diferentes puntos de Galicia, polo que este evento é un dos xeitos de xerar turismo e exportar Ortigueira ao mundo.

O comercio local recadou preto de 30.000 euros no Outlet do Festival Habaneras



Isabel Rego, edila de Turismo, con ACO.

Ata 18 postos de comercios deron forma a un Outlet que se celebrou coincidindo co Festival Habaneras. Unhas datas con gran movemento económico no municipio que permitiu aos comerciantes locais recadar preto de 30.000 €. A Asociación de Comercio e Hostalería Ortigana (ACO) definiu como “éxito rotundo” esta iniciativa e que, aseguran, “resulta un empuxón importante á economía”.

CULTURA

A música protagonizou un verán que será inesquecible

A diversidade musical protagonizou un verán en Ortigueira no que non faltaron as oportunidades para bailar, cantar e divertirse en compañía dos nosos veciños e veciñas.

FESTIVAL HABANERAS

A fin de semana do 5 e 6 de agosto rememorouse a unión e os lazos históricos entre Galicia e América co Festival Habaneras. Multitude de concertos, pasarrúas e un desfile de época completaron unha programación na que non faltou detalle para facer pasar uns días inesquecibles á veciñanza.

SERÁNS NO CLAUSTRO

O claustro do Concello foi o escenario ideal para a actuación de grupos de música do máis variados. A terceira edición de ‘Seráns no Claustro’ estivo composta por catro propostas diferentes: o grupo Bouba, a clarinetista Marta Sancho e o pianista Alejandro Vargas, Quinteto In Monumentum e bossa nova – jazz como broche de ouro. Catro citas nas que o público gozou da música en directo sen deixar de bailar.

BAILE DOS XARDÍNS

Agosto chegou á súa fin por todo o alto co ‘Baile dos Xardíns’, unha noite de baile e convivencia veciñal ao aire libre. A celebración congregou os nosos veciños e veciñas nun ambiente de confraternización e desfrute. Son al Son e José Antonio Quesada foron os encargados de poñer a banda sonora dunha cita que creou no ambiente unha noite repleta de maxia e ilusión.

Ortigueira, capital mundial da música folk

Un festival celta para conq



Presentación do Festival no Teatro da Beneficencia.



Unha imaxe do Festival do ano pasado.

A Alameda de Ortigueira acolle un ano máis o evento cultural que traslada a Ortigueira por todo o mundo: o Festival Internacional do Mundo Celta. Desde o 11 ata o 14 de xullo, a nosa localidade converterase no epicentro do planeta dos ritmos folk. Por que? Porque ao escenario da Alameda subiranse grupos e artistas de talla internacional como Green Lads, Aroze, BackWest, Bagad Brieg, Capercaillie, Cúig, Dervish ou Fillas de Cassandra, ademais de, por suposto, a Escola de Gaitas de Ortigueira.

O cartel desta edición foi creado por Jorge Fernández Arteaga, elixido entre un total de 115 propostas chegadas desde todas partes de Galicia, España e mesmo outros países. O deseño, denominado “El embrujo de dragón”, representa o Festival de Ortigueira a través dunha gaiteira, unha pandeireta, o Muíño do Campo da Torre e o emblemático dragón do festival.

Deste xeito, en pleno verán, Ortigueira somerxerá nun gran evento que achegará a milleiros de persoas á nosa vila. Un evento que non sería posible sen a gran contribución dos patrocinadores, os técnicos ou os diferentes corpos de seguridade.

Como novidade, este ano os concellos de Ortigueira e Cortegana asinaron un acordo de colaboración para seguir fomentando e

promocionando un dos seus principais atractivos turísticos comúns, a música celta, a través do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira e o Festival Internacional de Sierra Celta e Cortegana, na provincia de Huelva, en Andalucía.

Na edición do ano 2023, a máis longa da historia, Ortigueira rexistrou un récord de asistencia, coa chegada de máis de 100.000 visitantes provenientes de todas as

partes do globo. Un total de 70 horas de música celta, interpretada por máis de 200 artistas, de 45 formacións, con 300 persoas traballando para que todo saíse á perfección e que o público gozase ata o último acorde.

Comeza agora a conta atrás para un novo festival cargado de música, actividades e un cartel de primeiro nivel para volver a situar a Ortigueira como a capital mundial do folk.



O alcalde, coa alcaldesa de Cortegana en FITUR.

uistalos a todos



Fillas de Cassandra.



Green Lads.



festiyal[®]
do
Internacional
do
Mundo Celta
Ortigueira

11-14 XULLO 2024
#OITONACIONSUNHACULTURA
FESTIVAL DECLARADO DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

Os Servizos Sociais, unha prioridade real

Servizos Sociais: cronoloxía dunha mellora

A área de Servizos Sociais foi, é e será unha das grandes prioridades do primeiro mandato do Partido Popular e Xunto a Ti. O executivo liderado por Valentín Calvín iniciou un importante traballo co fin de acabar coas deficiencias que padecía tanto o persoal laboral, como as familias demandantes de prestacións. En menos dun ano, as melloras xa son evidentes. Velaquí vai unha cronoloxía dalgúns actuacións chaves.

UN NOVO DIRECTOR

O Concello comezou o mandato apostando por reforzar a área coa contratación dun novo empregado. Trátase de Diego Rodríguez, novo director-coordinador deste servizo despois de pechar un convenio de colaboración con Cerdido.

Máis aló de exercer labores directivos, Rodríguez desenvolve desde setembro funcións de información, valoración e tramitación de recursos, inserción de persoas ou xestión de axudas económicas.

ACCESO A CENTROS

O reforzo e ampliación da área exemplificouse coa posta en marcha do Servizo de Acompañamento e Aseoramento en Centros da Terceira Idade. Esta asistencia arrincou en outubro, co fin de exercer de guía coas familias para que lograsen unha tramitación e consecución efectiva de prazas en centros residenciais.

Nos primeiros meses, foron varias as que certificaron este ingreso, o que permitiu, ademais, liberar horas no SAF para outros pacientes.

FIN DAS AGARDAS

En parte grazas a este novo servizo de acompañamen-



A alameda de Ortigueira, co edificio de Servizos Sociais ao fondo.

to, pero tamén pola mellora da eficiencia e o esforzo do persoal, o Concello de Ortigueira puido solucionar en tan só seis meses o 'atasco' na lista de agarda das familias que demandaban Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para dependentes de grao 3.

Deste xeito, Ortigueira pechou o 2023 sen familias con dependentes do grao máis alto pendentes de recibir esta axuda. Agora, xa se traballa en rebaixar a cola de agardas nos núcleos con persoas dependentes de grao 2.

A área medra para coidar das familias... e das traballadoras e traballadores

AS VACACIÓNS A DEBER

O Concello non mirou só polas familias demandantes de prestacións. O goberno de Calvín tiña moi claro que para que o servizo funcionase, era preciso primeiro coidar o seu persoal.

Iso pasaba por facer cumprir os seus dereitos

e establecer un calendario de descansos, co fin de que a totalidade das e dos empregadas e empregados puidesen recuperar as vacacións non desfrutadas nos últimos dous anos. Precisamente por non gozar deses descansos, Ortigueira foi sancionada por Inspección de Traballo. Co novo executivo estableceuse un novo calendario de descansos e, co fin de non perder a calidade do servizo, destináronse 75.000 euros á contratación de persoal para cubrir eses descansos.



O alcalde e a concelleira de Servizos Sociais, Elisa Dorna, coas usuarias.

Os Servizos Sociais, unha prioridade real

O SEETA nace para persoas con demencia... e as súas familias

Dentro do proxecto de goberno que ten os Servizos Sociais como unha das grandes prioridades, o executivo local liderado por Valentín Calvín impulsou a posta en marcha dunha nova prestación. Trá-

tase do Servizo Específico de Estimulación Terapéutica de Alzheimer e outras Demencias (SEETA).

O SEETA comezou a funcionar no Centro de Servizos Sociais (Praza da Alameda) desde este mes de marzo,

de luns a venres en horario matinal de tres horas. O seu obxectivo é fomentar a autonomía das persoas afectadas por alzhéimer e outras demencias.

De que xeito o fai? A través da asistencia para as

Ofrécese as mañás de luns a venres no municipio

actividades básicas e instrumentais da vida diaria, estimulación cognitiva, atención psicolóxica ou actividades de lecer e tempo libre. É dicir, realiza unha intervención integral que axuda a manter ou mesmo mellorar as capacidades da persoa. Con isto, promóvese que os pacientes poidan permanecer na súa contorna comunitaria o maior tempo posible.

Pero o SEETA non se centra exclusivamente no paciente. As familias son as sufridoras silenciosas destas enfermidades. Por iso é importante establecer un soporte asistencial aos cuidadores familiares e axudarlles a adquirir os coñecementos e habilidades que lles permitan afrontar da mellor maneira posible o complicado proceso de coidado do paciente a través do, ademais de asistencia psicolóxica. As persoas interesadas poden pedir información aos Servizos Sociais do Concello.

A fin dunha negligencia: Ortigueira xa ten 'Xantar na Casa'

Cedeira, Moeche, San Sadurniño ou Valdoviño, ademais de Ferrol, Fene, Murgardos, Narón, Monfero ou A Capela. Son algúns dos municipios da nosa contorna que contan cun servizo básico fundamental para as persoas con menos recursos como o 'Xantar na Casa'. Un servizo que, agora, xa está dispoñible tamén en Ortigueira, despois de que o rexedor, Valentín Calvín, pechase o convenio de colaboración co xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez.

Deste xeito, Ortigueira



O rexedor, co xerente do Consorcio.

remata cunha negligencia histórica e únese á lista dos máis de 190 concellos de Galicia adheridos a este servizo, que ofrece comida a domicilio para garantir unha alimentación equilibrada e adaptada ás necesidades.

O programa está dirixido a persoas dependentes. Tamén a maiores de 60 anos que cumpran unha destas variables: teñan a súa autonomía persoal limitada ou estean en risco de exclusión social. Os prezos van desde 49,28 a 61,60 euros e as persoas interesadas poden solicitalo nos Servizos Sociais do Concello.

A Mesa de Coordinación Policial contra a Violencia de Xénero reúnese cada trimestre

Ortigueira reivindica o papel da muller na sociedade nas homenaxes do 8M e do 25N

A veciñanza de Ortigueira amosouse reivindicativa en datas que homenaxean o papel da muller na sociedade: o 25 de novembro, Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra a Muller, e o 8 de Marzo, Día Internacional da Muller. Para estas datas, o Concello preparou un programa de actividades cun obxectivo prioritario: a concienciación.

Así, con motivo do 25 de novembro, tivo lugar unha concentración na praza Isabel II ás 12:00 horas da mañá, a lectura do manifesto e a entrega de materiais didácticos centrados na educación positiva e a prol da eliminación da violencia contra a muller. Do 16 ao 30 de novembro estivo aberta a mostra 'Implicátese, son as túas veciñas', así como un obradoiro sobre ciberdelitos de índole



Unha imaxe do XIII Encontro de Mulleres.

sexual, no IES de Ortigueira para alumnado de 1.º de ESO. O 27 de novembro, interpretouse a obra 'Golpes' no teatro e o 30 do mesmo mes, instalouse o posto 'Agresións Off: eu digo non á violencia sexual' tamén no instituto. Nese marco, previamente celebrouse o XIII Encontro de Mulleres de Ortigueira, no que un cento

de ortigueiras se reuniron en Espasante nunha xornada festiva e entrañable que reivindicou o papel das mulleres na evolución do municipio.

Para o 8 de marzo, o goberno local impulsou un abano de posibilidades para a veciñanza. Inaugurouse a exposición 'Mulleres na cociña e outras dores de

cabeza', da pintora Montse Gutiérrez e que se puido visitar na Sala de Exposicións do Claustro Superior do Concello. O propio 8 de marzo, a veciñanza reuniuse para ler o manifesto feminista e durante o resto deste mes houbo diferentes iniciativas concienciadoras, como cursos e obras de teatro.



O Concello escoita as inquedanzas da veciña 'Ao redor dun café'

O Concello de Ortigueira puxo en marcha en setembro de 2023 o programa coñecido como 'Ao redor dun café' para coñecer as inquedanzas da veciñanza, e poder identificar así as necesida-



des da acción municipal de primeira man. Nun total de 19 xuntanzas, máis de 350 veciñas e veciños do municipio tomaron voz de cara a poder desenvolver iniciativas que encaixen cos gus-

tos populares. "Trátase de coñecer os intereses da xente e aproveitar as oportunidades para dinamizar os nosos centros sociais", sinala Elisa Dorna, concelleira de Servizos Sociais.

O Concello traballa para recuperar os socorristas nas praias

O abandono do equipo complica o regreso do salvamento

O Concello de Ortigueira traballa para recuperar o servizo de salvamento nas súas praias neste verán do 2024. Despois de conseguir que o municipio sexa unha das sedes da formación específica en socorrismo que organiza a Academia Galega de Seguridade Pública esta primavera, este é o novo obxectivo do goberno local. Con todo, nas últimas semanas atopouse cunha dificultade non agardada: o equipamento técnico de propiedade municipal atópase, actualmente, inservible.

“Tras varios anos de desatención, o estado de abandono das tres lanchas zodiacs que son propiedade do Concello é total. Resulta inadmisíbel que, agora que queremos recuperar o servizo de socorrismo, nos atopamos un equipo técnico así de maltratado”, lamenta o alcalde.

As embarcacións destinadas a socorrismo ato-

pábanse gardadas sen as condicións de mantemento adecuadas. “Estaban amontoadas unha encima doutra, de calquera xeito, e sen ningún tipo de protección”, expresa Calvin.

Tras a inspección, o persoal técnico determinou que dúas lanchas se atopaban en estado inservible,

tanto polos danos na súa estrutura como polo estado do motor.

Deste xeito, Ortigueira estuda agora as posibilidades para habilitar unha partida orzamentaria destinada a adquirir novamente o equipamento técnico necesario para os labores de socorrismo.



O estado inservible dunha das zodiac municipais tras anos de abandono.

Leandro Pita e Charo Suárez: Ortigueira reconece os seus personaxes históricos



Homenaxe a Leandro Pita.

Leandro Pita e Charo Suárez. Ambos os personaxes foron recoñecidos nos últimos meses como parte da historia do noso concello. En novembro, meses despois do seu falecemento, no teatro lembrouse a figura da nosa primeira concelleira muller. Uns días máis tarde, o Concello e a veciñanza puxeron en valor a transcendencia de Leandro Pita, escritor, ministro e agora “fillo ilustre”.

PROTECCIÓN CIVIL

Jaime Villar, premiado polos seus 25 anos na agrupación

En xaneiro, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior outorgou unha medalla de bronce polo seu labor de voluntariado a Jaime Villar. Nacido en San Adrián de Veiga, Villar acumula case a metade da súa vida á fronte da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ortigueira. El foi un dos fundadores, no 1998.

ESTUDOS

Daniel Gómez e Mohamed Ounkhar, líderes en Carpintería

Daniel Gómez e Mohamed Ounkhar, do IES de Ortigueira, foron recoñecidos no Galiciaskills 2023 na rama de Carpintería e Moble. O primeiro obtivo a medalla de ouro e o segundo a de bronce polos seus traballos neste encontro de especialidades de FP.

LEMBRANZA

Adeus a Luís Alonso Santiago, a memoria de Ortigueira

O pasado setembro rematou cunha triste noticia para o noso pobo: o pasamento de José Luis Alonso Santiago, un dos persoeiros máis ilustres do último século na nosa vila, a pesar de que viviu boa parte da súa vida na emigración.

Un bo inicio, pero queremos máis

Estimada veciñanza:

Gustaríame aproveitar estas liñas para facer un pequeno balance deste treito inicial do novo mandato. Un mandato que arrincou aquel 17 de xuño do 2023 no que tomei posesión como alcalde do meu pobo cunha gran sensación de alegría, pero tamén moita responsabilidade. Non hai nada máis grande que dirixir a túa vila. Pero precisamente por ese sentimento de pertenza, a esixencia individual que un se pon co fin de estar á altura é moito maior. Partindo desa premisa, o equipo que teño a honra de dirixir tiña, ten e terá un precepto por enriba de todo: o traballo. 'Traballo, traballo e traballo', un lema innegociable e que, nestes primeiros 10 meses de goberno, está a ser a nosa realidade.

Porque si, o que detectabamos na oposición é certo: neste Concello hai moitas cousas que mellorar, como demostrou a análise profunda da situación que atopamos. Evidenciamos ese desaproveitamento de recursos por abandono. E logo, comecemos a actuar. Actuacións máis pequenas e máis grandes. Actuacións en todas as áreas.

Fomentar a economía e ofrecer alternativas de ocio, mellorar a imaxe e a comodidade do municipio mantendo e potenciando os recursos ou ofrecer os necesarios servizos de todo tipo. En definitiva, estar ao carón da xente como administración máis próxima que somos. Ese é o noso sentido de ser e de facer.

Acompañar a nosa veciñanza é fundamental, pero vén unido tamén coa obriga de saír fóra de Ortigueira a atopar os necesarios investimentos para mellorar e facer medrar as nosas infraestruturas. Dialogamos con administracións de todas as cores políticas e así o seguiremos facendo. Porque, como vedes, os primeiros resultados xa están a chegar.

O impulso definitivo ás dragaxes, as melloras en sanidade, a potenciación dos Servizos Sociais, o Bird Center, a bancada de San Claudio ou os múltiples labores de mantemento para optimizar recursos municipais abandonados son só algunhas mostras. Foi un bo inicio, pero queremos máis. E así o teredes.



VALENTÍN CALVÍN FONDEVILA

ALCALDE DE ORTIGUEIRA